

ANEXO IV
DOCUMENTO INFORMATIVO PARA AS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS CON NEGATIVA Á
VACINACIÓN DE ANIMAIS- CAMPAÑA OBRIGATORIA LINTUA AZUL -2023

A Orden APA/1251/2020, do 21 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, establece que é obrigatoria a vacinación en bovinos e ovinos maiores de 3 meses localizados en explotacións situadas nas zonas restrinxidas para esta enfermidade que se recollen nesta orde.

A súa explotación bovina /ovina con REGA_____ está situada en zona restrinxida de Galicia e polo tanto a vacinación dos animais susceptibles é obrigatoria.

Na súa explotación bovina ovina o/s animal/s identificados cos crotais que se relacionan a continuación non foron postos a disposición do persoal veterinario actuante para realizar a vacinación de lingua azul.

Relación de crotais: _____

De acordo coa información achegada polos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural, infórmolle que:

- A negativa á vacinación obrigatoria dalgún animal é unha infracción grave da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.
- O/s animal/is indicado/s van ser inmovilizados informaticamente polo servizos veterinarios oficiais (SVO), nas bases de datos da Consellería do Medio Rural. Non poderán saír da explotación agás traslado directo a matadoiro e previa autorización dos SVO.

Esta inmovilización afectará, de ser o caso, aos animais fillos destes animais e que por idade non podan ser vacinados, ao ser descendentes de nais non vacinadas. Os SVO poderán autorizar a saída directa a matadoiro.

- O/s animal/is indicados serán vacinados unha vez finalizada a campaña de vacinación en saba na zona de restrición en Galicia, previa solicitude expresa pola persoa titular da explotación (mediante a cobertura do formulario normalizado PR004A obtido na Sede electrónica da Xunta de Galicia) <https://sede.xunta.gal/portada> e o pago da taxa correspondente.

O documento xustificativo do pago da taxa debe ser presentado ao persoal veterinario que realizará a vacinación antes do inicio desta.

Taxa a aplicar: 31.07.01 Actuacións sanitarias de control, vixilancia ou outras realizadas por incumprimento da normativa de aplicación.

Por explotación: 116.16 €

Por animal: 4.01 €